

AXENDA

Prezada comunidade:

Achegamos a programación de actividades dos vindeiros días e anticipamos novas convocatorias de interese para o desenvolvemento da nosa tarefa investigadora.

>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO

XOVES
23/05
13:00 H

IMPACTO DAS POLÍTICAS PÚBLICAS NAS EMPRESAS DA AVIACIÓN COMERCIAL: UNHA ANÁLISE DA COVID-19 E A CRISE CLIMÁTICA



- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais UVIGO, Aula - seminario 7
- Online: imprescindible [REXISTRO PREVIO aquí](#)
- Data: Xoves 23 de maio de 2024 ás 13:00 h
- Hora: 13:00 h (CET)

>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN

VENRES
24/05
12:00 H

RAOUF BOUCEKKINE: "SPATIOTEMPORAL DYNAMICS: OPTIMAL CONTROL AND GAMES WITH APPLICATIONS TO TRANSBOUNDARY POLLUTION"

Spatiotemporal dynamics arise quite naturally in several areas in economic theory, in particular in environmental economics. However, it's only in the last years that these systems, which are inherently infinite dimensional, have been analytically tackled in the economic literature. In this non-technical presentation, we develop a new frame allowing for analytical exploration. This includes optimal control and differential games.

We focus on applications to the control of the natural diffusion of local pollution across continuous over infinite time horizon, and especially, on the dynamic game extensions to characterize the shape of spatial externalities at Nash equilibria. We also allude to another research program on the modelling of global pollution games with an application to global warming.



- Speaker: [Dr Raouf BOUCEKKINE](#), Rennes School of Business
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC - AULA 20 (Campus Norte - SANTIAGO DE COMPOSTELA)
- Data: Venres 24 de maio de 2024 ás 12:00 h
- Online: imprescindible [REXISTRO PREVIO aquí](#)

AXENDA



>>> COLAB4FUTURE: FORO DE ENCONTRO DE EMPRENDEDURÍA TECNOLÓXICA

23 e 24
MAIO

Como peche do proxecto [HEI4Future](#) que lidera o investigador de ECOBAS [Pablo Cabanelas](#), esta semana se celebra o COLAB4Future, un foro de encontro de emprendeduría tecnolóxica para promover o intercambio de impresións e de propostas de colaboración entre os axentes involucrados.

Cun espírito de búsqueda de solucións tecnolóxicas innovadoras, coa colaboración do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e da incubadora High Tech Auto do Consorcio da Zona Franca de Vigo, as propias persoas participantes decidirán os obradoiros e retos nos que traballar na primeira das xornadas deste evento.

O segundo día do programa servirá para coñecer casos de innovación aberta na empresa galega: VMS Automotive, CEAMSA, Estrella Galicia, Valora Marine Ingredients ou Balidea, entre outras.



- EVENTO PRESENCIAL | Sede Zona Franca de Vigo en Rúa Areal, 46 - VIGO
- Información completa e acceso ao formulario de inscrición: [Páxina web de CoLAB4FUTURE](#)

>>> I ENCONTRO NACIONAL DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS POLA SOSTIBILIDADE. RÁNKING UI GREENMETRIC

VENRES
24/05

A UVIGO acolle o I Encontro nacional das Universidades Españolas pola Sostibilidade dentro do ránking internacional UI GreenMetric, unha iniciativa desenvolvida pola Universidade de Indonesia que clasifica as universidades de todo o mundo segundo o seu compromiso e desempeño en sostibilidade e xestión ambiental. O director de ECOBAS, Xavier Labandeira, é o experto encargado da ponencia inaugural.

- EVENTO SEMIPRESENCIAL | Edificio Redeiras (Praza do Berbés, 11 - VIGO)
- Horario: de 9.30 h a 13.30 h
- Programa detallado na [Páxina web da UVIGO](#)

>>> XORNADAS TÉCNICAS RED OTRI 2024

30 e 31
MAIO

A UDC acolle os días 30 e 31 de maio estas xornadas que tratarán, entre outros temas, as recomendacións sobre transferencia da Comisión Europea, a aplicación da IA no día a día da transferencia de coñecemento, similitudes e diferenzas co ecosistema de transferencia alemán, casos de éxito e a transferencia e o emprendemento con perspectiva de xénero. A directora científica de ECOBAS, María Loureiro, participará na mesa sobre "Mulleres investigadoras e tecnólogas que analizan a transferencia e o emprendemento".

- Lugar: Reitoría UDC. Rúa Maestranza, 9 - A CORUÑA
- Horario: de 9:45 h a 19:30 h o xoves 30/05 e de 9:00 a 15:00 h o venres 31/05.
- [Máis información e programa detallado](#)

AVANCE XUÑO



MÉRCORES
12/06
10 - 14 H

>>> OBRADOIRO RELACIONAL CON ESTHER TRUJILLO

No marco de ECOBAS TRAINING, eixo de actuación establecido no Plan Estratégico para a formación continua do persoal investigador do noso Centro, poñemos en materia a acción 2.5. establecida para a formación en habilidades transversais e competencias técnicas útiles e necesarias para o desenvolvemento da investigación. Para dirixir e impartir esta sesión, titulada “Formación para o fortalecemento das habilidades de relación e comunicación”, contaremos **Esther Trujillo**, do Instituto Relacional, unha das maiores expertas nacionais na materia.



- **ACTIVIDADE PRESENCIAL**
- Data: Mércores **12 de xuño** de 2024
- Horario: de 9:30 h a 14:00 h



SAVE THE DATE!!
Habilitaremos en breve a inscrición para esta actividade

MARTES
18/06
13:00 H

>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON GHASEM ZAEFARIAN, UNIVERSITY OF LEEDS “UNPACKING WHEN AND HOW CUSTOMER INVOLVEMENT AFFECTS SUPPLIER NEW PRODUCT PERFORMANCE”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- Lugar de impartición: VIGO
- Data: Martes **18 de xuño** de 2024
- Hora: 13:00 h (CET)



25 a 27
SETEMBRO

>>> CURSO DE VERÁN | “ECONOMÍA CIRCULAR: HACIA UN MODELO EMPRESARIAL, ECONÓMICO Y SOCIAL”

A Universidad Internacional de Andalucía organiza este curso presencial, aliñado coas políticas europeas derivadas do Pacto Verde Europeo (Green Deal), o Plan de acción da UE para a economía circular (Comisión Europea, 2015) e a Ley 3/2023, de 30 de marzo, de Economía Circular de Andalucía (LECA) e no que participará, entre outras persoas expertas, o investigador de ECOBAS J.J. Pernas.

- Datas de celebración: 25 a 27 de setembro de 2024.
- [Click aquí para información sobre matrícula e máis detalles sobre o curso](#)



Universidad
Internacional
de Andalucía

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

Maside-Sanfiz, J.M.; Suárez Fernández, Ó.; López-Penabad, M.C.; Alzghoul, M.O. (2024)
[Does corporate social performance improve environmentally adjusted efficiency? Evidence from the energy sector](#)
Corporate Social Responsibility and Environmental Management

Rey-Beiro, S.; Martínez-Roget, F. (2024)
[Rural-urban differences in older adults' life satisfaction and its determining factors](#)
Heliyon

Alonso Aguilar, F. D.; González Alvarado, T.E.; Cabanelas Lorenzo, P. (2024)
[Artisanal Businesses Historical and Economic Context](#)
Mercados y Negocios: Revista de Investigación y Análisis

Lago-Peñas S.; Cadaval-Sampedro, M.; Herrero-Alcalde, A. (2024)
[Fiscal consolidation and voting: on the electoral costs of budgetary stability](#)
Fiscal Studies

Mili, S.; Ferro-Soto, C. (2024)
[Precursors and outcomes of satisfaction of fair trade coffee consumers](#)
European journal of management and business economics

>>> ECOBAS NO PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS DE GALICIA

CIENCIAS
MARIÑAS
GALICIA

A protección e a xestión sostible dos servizos dos ecosistemas mariños é o desafío principal do [Programa de Ciencias Mariñas de Galicia](#), no que ECOBAS está presente a través da liña de actuación dedicada á innovación, o coñecemento e as **oportunidades de adaptación ao cambio na economía do mar**.

A análise das actividades humanas no litoral, integrando o biofísico co socioeconómico, é o cometido do **paquete de traballo 10** que lidera a directora científica de ECOBAS, [María Loureiro](#): **Intervención transformadora para a resiliencia do entorno litoral en Galicia**. Neste contexto e no marco da IV Asamblea do programa, hoxe mércores 22 de maio en Compostela, o investigador predoutoral [David Hervés Pardavila](#) presenta os avances no caso de estudo sobre a simulación do impacto do aumento do nivel do mar sobre as marismas.

No Programa de Ciencias Mariñas de Galicia participan 250 investigadores e investigadoras pertencentes a 89 grupos de investigación de múltiples disciplinas e de todas as institucións públicas implicadas na xeneración de ciencia mariña de Galicia. [Toda a información está accesible na web do proxecto](#).

CALL FOR PAPERS



>>> [V CONGRESO INTERNACIONAL DA AUGA](#)



Baixo o título “A auga como recurso sustentable: ciencia, empresa e bienestar”, o V Congreso Internacional da auga terá lugar en Ourense do 25 ao 27 de setembro. Organizada pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, esta edición presenta un carácter multidisciplinar para abordar distintos aspectos do patrimonio hídrico encadrados nos seguintes bloques temáticos:

Actividade turística / Termalismo / Economía circular / Empresa, economía e auga

O comité organizador conta coa colaboración do seguinte persoal investigador de ECOBAS: Marcos Álvarez Díaz, Miguel Rodríguez Méndez, Beatriz González Sánchez e Mónica Villanueva Villar.


- [Web do congreso](#)
- [Comunicacións](#)
- [Ligazón á inscrición](#)

>>> [INTERNATIONAL BUSINESS IN A DIGITAL WORLD: CHALLENGES AND OPPORTUNITIES](#)



A Universidade de Évora organiza a **19th Iberian International Business Conference** os días 11 e 12 de outubro de 2024. Intelixencia artificial, ciberseguridade e a soberanía dos datos serán os eixos temáticos fundamentais deste congreso sobre transformación e oportunidades na internacionalización dos negocios.

- Call for papers: ata o 15 de xullo 2024
- [Máis información na web do congreso](#)



>>> COMUNICA, COMPARTE!

Lembrede enviar as vosas participacións en comités científicos, congresos, workshops e outras actividades de carácter científico que poidan ser de interese ou relevancia para a nosa comunidade:

comunicacion@ecobas.gal

FINANCIACIÓN



>>> AXUDAS PARA CONTRATOS PARA A FORMACIÓN DE DOUTORES E DOUTORAS EN EMPRESAS E OUTRAS ENTIDADES (DOUTORANDOS INDUSTRIAIS) 2024



- Prazo de solicitude: 23/04/2024 - 04/06/2024
- Beneficiarias: as empresas, entre as que se inclúen as «spin-off» e “Jóvenes Empresas Innovadoras”, entidades privadas sen ánimo de lucro y administracións públicas que nos seus estatutos ou na normativa que as regule ou no seu obxectos social non teñan a I+D+i entre os seus fins nin como actividade a desenvolver, e que deberán poder desenvolver un proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental destinado á transferencia de coñecemento. [Ligazón á convocatoria](#).

>>> AXUDAS Á MOBILIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR (USC)

Convocatoria para co-financiar os **desprazamentos fóra de Galicia de persoal investigador ou persoal de apoio á investigación vinculado á USC**, que non conten con outra fonte de financiamento que se realicen ou que tivesen lugar entre o 01 de xaneiro de 2024 ata 30 de novembro de 2024 co fin de:

-Participar activamente en congresos científicos nacionais ou internacionais.

-Realizar estadias curtas para actividades de investigación.

-Asistir e participar en actividades formativas de curta duración, relacionada co posto de traballo.

O prazo para as solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro de 2024, salvo no caso de que o orzamento se esgote en data anterior.

- [Ligazón á convocatoria](#)
- [Descarga do anexo I](#)
- [Descarga do anexo II](#)

>>> AXUDAS PROPIAS Á INVESTIGACIÓN 2024 (UVIGO) • **PRAZO: ata o 31/05/24**

Convocatoria de axudas propias da UVigo para potenciar o desenvolvemento de **actividades de investigación colaborativas entre grupos de investigación** que axuden a desenvolver as liñas estratéxicas da Universidade, así como a transferencia dos resultados no ámbito nacional e internacional.

Modalidade A - Promoción da Investigación

A.1.- Contratos programa con grupos de investigación.

A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i

A.3.- Reparación de equipamento científico

- [Ligazón á convocatoria](#)

Modalidade B - Reunións científicas

B.1.- Org. de congresos e reunións científicas

B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas

B.3.- Visita de investigadoras e investigadores

>>> SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROMOCION E IMPLEMENTACION DA AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EN ESPANA

Entidade convocante: Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030

Publicado en: Boletín Oficial do Estado

Prazo: 07/06/2024 (*consultar prazos e procedementos internos nas universidades do SUG)

[Ligazón á Orde da convocatoria](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> PREMIO VANGARDA DA CIENCIA 2024

Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h.**



- [Ligazón ás bases](#)

>>> V CICLO DE CONFERENCIAS AÍDA FERNÁNDEZ RÍOS

XOVES
23/05
19:00 H

“Aplicacións da intelixencia artificial para o procesamento da linguaxe natural. Novas tendencias e desafíos actuais”

- Relatora: Silvia García Méndez (AtlanTTic).
- Data: 23 maio 2024 ás 19:00 h.
- [Preinscrición aquí](#)



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

